



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

**DATA: 30 DE OUTUBRO 2008**

**HORA: 19.00**

**CARÁCTER: ORDINARIO**

No Salón de Sesións do Concello de Foz (Lugo), sendo as 19:00 horas do día 30 de outubro de 2008, previa convocatoria ó efecto ás 19:00 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión Ordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D<sup>a</sup>. Ana A. Incera Ares.
- D<sup>a</sup>. Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ángel Cao Pérez
- D<sup>a</sup>. María Lidia Rodríguez Moreda
- D. José Luís Sánchez García
- D. Pedro José Fernández Manín
- D. Balbino Fernández López
- D<sup>a</sup>. María Xosefa Alonso Otero

Asiste tamén o Secretario do Concello de Foz, D. Diego Ballina Díaz, e o interventor municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

- Unha vez iniciado o Pleno Municipal incorpóranse ao mesmo os señores concelleiros D. Xoán Carlos González Basanta e D. Ramón Sixto Legaspi.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

#### **1) APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO ANTERIOR DE DATA 25/9/08 (ORDINARIO).-**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A acta é **aprobada** por unanimidade dos presentes.

### 2) **DECRETOS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN: DAR CONTA.-**

A Corporación **dáse por enterada**.

### 3) **APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE Nº 31/2008 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2008.-**

Ao comezo do presente punto incorpórase o señor Concelleiro Xoan Carlos González Basanta.

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación do expediente de modificación número 32 do Orzamento Xeral de 2008 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na Memoria de Alcaldía xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan aumentar o seu saldo de crédito para o desenvolvemento de programas ou o cumprimento de compromisos xa acordados ou previstos polos órganos competentes do Concello.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de dez mil euros (10.000,00 €) e financíase co saldo do remanente de tesourería de libre disposición procedente do exercicio anterior.

Visto o informe de Intervención emitido o día 16 de outubro de 2008 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 177 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de concesión de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito, a tipoloxía da cal e procedemento detállase nos artigos 34 e seguintes do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- O artigo 177.2 do Texto Refundido citado, que atribúe competencia ao Concello Pleno para a aprobación deste expediente, ao que lle resultan de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade do Orzamento Xeral.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** - Aprobar con carácter inicial o expediente número 31 de modificación do Orzamento Xeral de 2008 por importe de dez mil euros (10.000,00 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición de acordo coa seguinte proposta:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NÚMERO 32 DO ORZAMENTO XERAL PARA 2008. SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

| PARTIDA   | DENOMINACIÓN  | IMPORTE ACTUAL | MODIFICACIÓN    | DEFINITIVO       |
|---|---|----------------|-----------------|------------------|
| 011.310   | Débeda pública. Intereses                             | 98.197,05      | <b>3.000,00</b> | 101.197,05       |
| 011.310   | Débeda pública. Amortización de préstamos do exterior | 338.100,00     | <b>7.000,00</b> | 345.100,00       |
| <b>Total expediente de modificación de créditos 32/2008</b> |   |                |                 | <b>10.000,00</b> |

#### FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

| CONCEPTO  | DENOMINACIÓN   | IMPORTE ACTUAL | MODIFICACIÓN     | DEFINITIVO       |
|---|--|----------------|------------------|------------------|
| 870.01  | Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito. | 49.330,00      | <b>10.000,00</b> | 59.330,00        |
| <b>Total financiamento expediente de modificación de créditos 32/2008</b> |  |                |                  | <b>10.000,00</b> |

**SEGUNDO.** - O expediente impulsárase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobada inicialmente a modificación, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitírase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade dos presentes.**

#### **4) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN FORMULADA POR DONA INÉS PAZ NEIRA CONTRA A ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Transcorrido o prazo de exposición ao público do Acordo provisional imposición e ordenación da Taxa por prestación do servizo de depuración de augas residuais, de aplicación neste Municipio, adoptado polo Pleno da Corporación con data 31 de xullo de 2008, examinadas as reclamacións presentadas contra o devandito Acordo, e considerando o informe emitido pola Intervención Municipal con data 23 de setembro de 2008 relativo ás citadas reclamacións, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.** - Desestimar a reclamación presentada por Dona Inés Paz Neira con DNI 33.302.728



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Q e domicilio en Avenida da Mariña, 34 baixo (Foz) con número de rexistro de entrada 4790/2008 do 5 de setembro, na medida en que no expediente de referencia figura o correspondente informe económico de data 10 de xullo de 2008, de acordo co disposto no artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, onde se analiza a cobertura do custo do servizo coas tarifas fixadas para a taxa por depuración de augas residuais.

**Segundo.** - Aprobar con carácter definitivo a imposición da taxa por prestación do servizo de depuración de augas residuais, así como a Ordenanza Fiscal reguladora da mesma, quedando redactada do seguinte xeito:

### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

#### Artigo 1º.-Fundamento e natureza

Este Concello conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4,r) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por prestación do servizo de Depuración de Augas Residuais, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do Real Decreto citado.

#### Artigo 2º.-Feito Impoñible.-

Constitúe o feito imponible deste tributo, a prestación polo Concello de Foz dos servizos de tratamento e depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais canalizadas a través da rede de sumidoiros municipal.

#### Artigo 3º.-Devengo

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento que se inicie a prestación do servizo suxeito a gravame, entendéndose iniciado:

- Dende a data de presentación da solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- Cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal obxecto da presente regulación.

O servizo de depuración de excretas, augas pluviais, negras e residuais ten carácter obrigatorio para todos os lugares do Municipio en que exista rede de sumidoiros, devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

#### Artigo 4º.-Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas polos servizos de tratamento e depuración de augas residuais de conformidade co disposto no artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### Artigo 5º.- Responsables.

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

### **Artigo 6º.- Cota tributaria.-**

A cota tributaria a esixir pola prestación do servizo calcularase en función da cantidade de auga utilizada, conforme ás tarifas seguintes:

|  | Euros/bimestre |
|--|----------------|
| 1. Consumo doméstico e comercial. Mínimo bimestral 30 m3 ..... | 6,00           |
| Cada m3 de exceso ata 120 .....                                | 0,10           |
| 2. Consumo industrial. Mínimo bimestral 30 m3.....             | 10,00          |
| Cada m3 de exceso ata 120 .....                                | 0,40           |

### **Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.-**

Non se poderán recoñecer outras exencións na presente taxa que as expresamente previstas en normas con rango de lei e as derivadas dos tratados internacionais.

### **Artigo 8.- Normas de xestión**

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta Taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

As altas e baixas que se produzan no servizo de augas, producirán efectos automáticos respecto da taxa de depuración, no caso con contar con rede de sumidoiros a zona concreta onde se produzan.

Cando a cobranza se realice conxuntamente co servizo de augas, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo emitido pola empresa concesionaria do servizo, sen prexuízo das obrigas de publicación legais que se fagan a través dos correspondentes diarios oficiais.

### **Artigo 9.- Infraccións e sancións.-**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**Terceiro.** - Publicar o presente Acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza fiscal, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar, en cumprimento do sinalado no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: Esta taxa foi aprobada aproveitándose da ausencia dunha concelleira do PP degradando a democracia. Para aprobar esta taxa solo temos informes da empresa concesionaria e non de técnicos municipais que nos poñan de manifesto é custo real do servizo. Nós non estamos en contra de que se estableza unha taxa.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Sabemos que xuridicamente é complexo retirar a concesión a Gestagua pero polo menos queremos saber en que se vai a gasta o diñeiro. Estamos igual que ao principio, nós estamos de acordo con que se cre esta taxa pero queremos saber en que vai gastar o diñeiro.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Este servizo adxudicouse a unha empresa por un diñeiro e ninguén reclamou contra ese acordo. Agora o que temos que facer é fixar unha taxa o custo, polo momento, da cal estamos a asumir dos nosos presupostos. Ao BNG e ao PP xa lles presentamos varias ofertas que valoraban o custo do servizo por enriba do que nos está a cobrar Gestagua.

O SEÑOR ALCALDE: Esta situación dáme apuro porque vostedes van tomar un acordo ilegal, contra unha taxa non se pode presentar un recurso para anulala, só pódense presentar alegacións para melloralas. Vostedes van votar en contra dun informe da intervención municipal. Solicito que polo secretario municipal se emita informe sobre o acordo adoptado para que no seu caso se eleva ao Consello Consultivo de Galicia.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: En relación coa adxudicación o BNG foi claro, que se sacase a oferta pública. Non estamos seguros de que sexa o custo real e por iso queremos que informen os técnicos municipais. Ademais se se trae a votación é porque se seguiu o procedemento legalmente establecido.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Sobre este tema houbo reunións entre os voceiros e dos temas tratados era sobre o que menos consenso había e é o único que se ha traído a Pleno. O custo é certo que o está a asumir o Concello pero queremos coñecer, antes de aprobar a ordenanza, e o destino onde van ir as cantidades que se recaden.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CANCIO RODRÍGUEZ: Vostedes non reclaman contra a taxa o que queren é que se anule o contrato, pero contra o contrato non reclamaron. Se ten unha oferta mellor para a xestión das depuradoras traiana.

O SEÑOR ALCALDE: É posible que alguén o faga máis barato pero o certo é que o abastecemento de auga e a depuración son contrato ligados e o máis recomendable é que o faga a mesma empresa.

Sometido a votación o ditame **obtéñ cinco votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Ana A. Incera Ares, Dona Rosa Alonso Rodríguez e D. Pedro M. Fernández Marful) e sete votos en contra (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero), quedando o ditame rexeitado.**



## 5) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS CARA Ó ANO 2009.-

Polo Pleno Municipal acórdase por unanimidade proceder á votación individualizada de cada unha das modificacións propostas ás ordenanzas fiscais.

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación das Ordenanzas Fiscais para o exercicio 2009, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

Pese a que a variación do índice de prezos ao consumo (IPC) interanual de setembro de 2007 a setembro de 2008, segundo o documento que se achega de consulta do INE, foi do 4,5 por 100, por parte do Concello utilizarase como técnica de actualización con carácter xeral unha revisión das tarifas ou cotas cunha porcentaxe do 3 por 100.

Tómase esta decisión coa intención de que, aínda que as necesidades do Concello para o sostemento dos servizos se incrementarán máis este ano se finalmente se reduce a achega estatal a través da participación en tributos, a situación económica desfavorable global non se faga máis gravosa para os veciños. Do mesmo xeito, unicamente se modifican deste xeito aquelas figuras impositivas que se considera imprescindible, a saber, Imposto de vehículos, taxa por recollida de lixo, taxa por servizo de praia e casetas, taxa por servizos de mercado e praza de abastos.

Por outra banda, crease un novo epígrafe na taxa por expedición de documentos destinado a recoller a emisión por parte do Punto de Información Catastral do Concello de Foz de certificacións literais e descritivas que pode pedir no concello sobre os seus bens calquera persoa, resida ou non resida neste. Os importes son practicamente os mesmos un pouco máis reducidos que os que percibe o catastro pola emisión destas certificacións.

Tamén se introduce un novo prezo público, o derivado da prestación do servizo de axuda no fogar, dada a esixencia de cofinanciamento deste servizo que require a Xunta de Galicia.

No caso da Ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, introdúcense as modificacións solicitadas polo concesionario do servizo dando máis flexibilidade á posibilidade de introducir novas actividades ás xa ofertadas e tamén introducindo beneficios para os socios, que poderán acceder de forma gratuíta a determinadas prestacións.

Finalmente no prezo público polo ensino na Escola de Música, a Proposta da Alcaldía vai no camiño de acadar a cobertura dos custos que xera este servizo ao Concello, incrementado coa contratación laboral dos profesores da mesma.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

**Primeiro.** - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

#### Artigo 6

1.- As cotas a aboar polos contribuíntes son as seguintes:

##### A) TURISMOS

|  |          |
|--|----------|
| <b>De menos de 8 cabalos fiscais.</b>  | 15,36 €  |
| <b>De 8 ata 11,99 cabalos fiscais.</b> | 41,46 €  |
| <b>De 12 ata 15,99 cabalos fiscais</b> | 87,52 €  |
| <b>De 16 ata 19,99 cabalos fiscais</b> | 109,00 € |
| <b>De 20 cabalos fiscais en diante</b> | 136,25 € |

##### B) AUTOBUSES

|                               |          |
|-------------------------------|----------|
| <b>De menos de 21 prazas.</b> | 101,34 € |
| <b>De 21 a 50 prazas.</b>     | 144,32 € |
| <b>De máis de 50 prazas.</b>  | 180,40 € |

##### C) CAMIÓN

|   |          |
|---|----------|
| De menos de 1.000 quilogramos de carga útil               | 51,44 €  |
| <b>De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil</b>         | 101,34 € |
| <b>De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil</b> | 144,32 € |
| <b>De máis de 9.999 quilogramos de carga útil</b>         | 180,40 € |

##### D) TRACTORES

|                                       |          |
|---------------------------------------|----------|
| <b>De menos de 16 cabalos fiscais</b> | 21,49 €  |
| <b>De 16 a 25 cabalos fiscais</b>     | 33,79 €  |
| <b>De máis de 25 cabalos fiscais</b>  | 101,34 € |

##### E) REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

|   |          |
|---|----------|
| <b>De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil.</b> | 21,49 €  |
| <b>De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil.</b>                | 33,79 €  |
| <b>De máis de 2.999 quilogramos de carga útil.</b>                | 101,34 € |

##### F) OUTROS VEHÍCULOS





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

|   |         |
|---|---------|
| <b>Ciclomotores</b>                             | 5,38 €  |
| <b>Motocicletas ata 125 cc</b>                  | 5,38 €  |
| <b>Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc</b>   | 9,22 €  |
| <b>Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc</b>   | 18,44 € |
| <b>Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 cc</b> | 36,84 € |
| <b>Motocicletas de máis de 1.000 cc</b>         | 73,69 € |

**Segundo.** - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE LIXO

#### Artigo 5.- Cota Tributaria

#### TARIFAS MODIFICADAS

| GRUPO  | EUROS/BIMESTRE |
|--|----------------|
| 01 <i>Vivendas e aloxamentos non comerciais (habitadas ou deshabitadas)-</i>   | 11,55 €        |
| 02. <i>Profesionais (avogados, arquitectos, asesorías, médicos, farmacias etc)</i>   | 34,72 €        |
| 03. <i>Pequeno comercio (mercerías, paqueterías, bazar, pastelería, librería, zapatería, deportes, carnicerías, roupa, estanco, regalos, peixerías, flores, electrodomésticos, comestibles, etc)</i> | 34,72 €        |
| 04. <i>Organismos oficiais e entidades bancarias (Costas, correos, Facenda, Extensión agraria, Casa do Mar etc)</i>  | 46,38 €        |
| 05. <i>Perruquerías</i>  | 34,72 €        |
| 06. <i>Talleres e locais industriais</i>   | 46,38 €        |
| 07. <i>Panadería e froiterías</i>  | 46,38 €        |
| 08. <i>Moblerías, subministros, ferraxerías, almacéns (alimentación, froita, pinturas, etc)</i>  | 57,93 €        |
| 09. <i>Bares, cafeterías e fondas</i>  | 55,61 €        |
| 10. <i>Restaurantes</i>  | 69,47 €        |
| 11. <i>Hoteis (hotel, cafetería e restaurante)</i>   | 125,06 €       |
| 12. <i>Grandes superficies</i>   | 347,52 €       |

O camión pasará dúas veces polos recorridos das parroquias.

Cada vivenda que estea a menos de 200 metros de distancia do colector estará



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

obrigada ao pagamento da correspondente tarifa.

**Cando os locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos suxeitos á presente taxa obteñan a baixa da súa licenza de actividade, estarán unicamente obrigados ao pagamento das tarifas correspondentes a vivendas ou aloxamentos non comerciais.**

Os cubos de recollida de lixo naquela parte da Vila na que funcione o novo sistema de recollido, colocaranse ás 20.00 horas e retiraranse unha vez que teña pasado o camión de recollido de lixo.

Queda expresamente prohibido depositar lixo dende a recollida dos cubos que se colocan nas rúas ata que se volvan a colocar os mesmos o seguinte día, coas conseguíntes sancións que se poderán impoñer pola Alcaldía-Presidencia segundo a lexislación vixente.

**Terceiro.** - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación de servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

#### Artigo 6º.- Tarifas.-

Á contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:

#### CADRO DE TARIFAS

| <b>PISCINA MUNICIPAL DE FOZ</b> |             | <b>TARIFAS</b>  |                  |
|---------------------------------|-------------|-----------------|------------------|
| <b>ABONOS PISCINA MUNICIPAL</b> |             | <b>SOCIOS</b>   |                  |
| FAMILIAR TITULAR                |             | 23,00 €         |                  |
| FAMILIAR CÓNXUXE                |             | 3,85 €          |                  |
| FILLO (-18 AÑOS)                |             | 3,85 €          |                  |
| ABONO XOVE                      |             | 18,60 €         |                  |
| ABONO INDIVIDUAL                |             | 23,50 €         |                  |
| ABONO 3º IDADE E DIMINUÍDOS     |             | 17,10 €         |                  |
| ABONO MATINAL                   |             | 18,05 €         |                  |
| MINUSVÁLIDOS                    |             | 50% de desconto |                  |
| <b>ENTRADAS</b>                 |             |                 |                  |
| ENTRADA LIBRE (+18,-60)         |             | 3,95 €          |                  |
| ENTRADA REDUCIDA (-18,+60)      |             | 2,60 €          |                  |
| <b>MATRICULAS</b>               |             |                 |                  |
| MATRICULA ABONADO               |             | 24,05 €         |                  |
| MANTEMENTO MATRICULA            |             | 10,90 €         |                  |
| MATRICULA CURSO ABONADO         |             | 10,90 €         |                  |
| MATRICULA CURSO EVENTUAL        |             |                 | 21,85 €          |
| <b>CURSOS PISCINA</b>           |             |                 |                  |
|                                 | <b>DÍAS</b> | <b>SOCIOS</b>   | <b>EVENTUAIS</b> |
| NATACIÓN BEBES                  | 1           | 9,85 €          | 19,70 €          |
| NAT. NENOS (3-16 AÑOS)          | 1           | 4,90 €          | 9,80 €           |
| NAT. NENOS (3-16 AÑOS)          | 2           | 9,85 €          | 19,70 €          |
| NAT. NENOS (3-16 AÑOS)          | 3           | 14,70 €         | 29,40 €          |



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

|  |             |               |                  |
|--|-------------|---------------|------------------|
| ESCOLA DE COMPETICIÓN                    | 3           | 14,20 €       | 28,40 €          |
| NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)                | 2           | 9,85 €        | 19,70 €          |
| NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)                | 3           | 14,70 €       | 29,40 €          |
| NAT. TERCEIRA IDADE                      | 2           | 5,35 €        | 14,95 €          |
| NAT. TERCEIRA IDADE                      | 3           | 10,95 €       | 21,85 €          |
| NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL                | 2           | 9,85 €        | 19,70 €          |
| NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL                | 3           | 14,70 €       | 29,40 €          |
| AQUAGYM                                  | 2           | 10,95 €       | 21,85 €          |
| MATRONATACIÓN                            | 2           | GRATIS        | GRATIS           |
| DIMINUÍDOS                               | 2           | 8,50 €        | 24,00 €          |
| VERÁN ADULTOS (QUENDA)                   | 10          | 13,70 €       | 27,30 €          |
| VERÁN INFANTIL (QUENDA)                  | 10          | 10,95 €       | 21,85 €          |
| ALUGUER DE RÚA/HORA                      |             | 16,40 €       | 21,85 €          |
| <b>CURSOS SALA USOS MÚLTIPLES</b>        |             |               |                  |
|  | <b>DÍAS</b> | <b>SOCIOS</b> | <b>EVENTUAIS</b> |
| EDUCACIÓN FÍSICA DE BASE                 | 2           | 9,30 €        | 18,60 €          |
| HABILIDADES XIMNÁSTICAS                  | 2           | 9,30 €        | 18,60 €          |
| DANZA                                    | 2           | 9,30 €        | 18,60 €          |
| FITNESS                                  | 2           | 9,30 €        | 18,60 €          |
| ARTES MARCIAIS                           | 2           | 9,30 €        | 18,60 €          |
| <b>ACTIVIDADES GRATUITAS PARA SOCIOS</b> |             |               |                  |
| STRECHING                                | 2           | GRATIS        | 18,60 €          |
| STRECHING                                | 3           | GRATIS        | 21,85 €          |
| XIMNASIA 3ª IDADE                        | 3           | GRATIS        | 17,50 €          |
| XIMNASIA MANTEMENTO                      | 2           | GRATIS        | 18,60 €          |
| XIMNASIA MANTEMENTO                      | 3           | GRATIS        | 21,85 €          |
| AEROBIC                                  | 2           | GRATIS        | 18,60 €          |
| AEROBIC                                  | 3           | GRATIS        | 21,85 €          |
| TONIFICACIÓN                             | 2           | GRATIS        | 21,85 €          |
| STEP                                     | 2           | GRATIS        | 18,60 €          |
| BODYCOMBAT                               | 3           | GRATIS        | 18,60 €          |

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC

**Cuarto.-** Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Expedición de Documentos, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

#### Artigo 6.- Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, que variará segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas seguintes tarifas:

##### 1. Certificacións

Toda certificación expedida por funcionarios municipais pagará por cada páxina en



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

concepto de reintegro 3 euros.

As certificacións referidas aos catro anos restantes do primeiro quinquenio, pagarán en concepto de dereitos de expedición 12 euros.

Cando a antigüidade dos datos, documentos ou asuntos sexa superior ao primeiro quinquenio, incrementarase a cota sinalada ao primeiro quinquenio anterior no 100%, sendo o máximo a percibir 24 euros.

### 2. Visados e compulsas

Todos os visados e compulsas da Alcaldía ou das súas delegacións, autoridades ou funcionarios municipais, calquera que sexa a autoridade, funcionario ou persoa que expedira o documento, pagará 1'20 euros.

Toda legalización de documentos para o cobro de sinistros ou calquera outra percepción pagará 1'20 euros.

### 3. Títulos

Todos os títulos que se estendan a funcionarios ou empregados municipais pagarán 4.80 euros.

### 4. Contratos e outros documentos administrativos

Os contratos que se estendan e formalicen polas oficinas municipais, pagarán timbre municipal de 3 euros.

Todo escrito de incidencia en padróns ou matrículas pagará 1.20 euros.

A colocación de edictos e avisos no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial pagará por cada folio 1'20 euros.

### 5. Copias e fotocopias

Por cada fotocopia que a petición de parte se facilite por este Concello, pagarase 0'12 euros se é tamaño DIN A3 e 0'06 euros se é en DIN A4.

### 6. Copia de documentos

Toda copia que se solicite por informes da policía local, copia de atestados de policía local ou de actas, pagará 30 euros.

### 7. Participación en procesos selectivos de persoal

-Posto de traballo grupo A o asimilados:45€

-Posto de traballo grupo B o asimilados:40€

-Posto de traballo grupo C o asimilados:35€

-Posto de traballo grupo D o asimilados:30€

-Posto de traballo grupo E o asimilados:25€

### 8 Certificacións catastrais

1. Por certificacións catastrais literais, por cada documento expedido. (Incrementarase en 4,00 euros por cada un dos bens inmobles a que se refira o documento). 4,00 euros

2. Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a un inmovible, por documento expedido. (Cando as certificacións descritivas e gráficas incorporen, a petición do interesado, datos doutros inmobles, a contía incrementarase en 2,00 euros por cada inmovible). 15,00 euros

3. Certificacións negativas de bens. 3,00 euros



4. Outro tipo de certificacións distintas das anteriores.

12,00 euros

**Quinto.-** Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación dos servizos de ensino na escola municipal de música de Foz, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ENSINO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE FOZ**

##### **Artigo 3.- Contía**

A contía do prezo público fíxase individualmente para cada unha das materias que se imparten na Escola, e conforme á seguinte tarifa: prezo da matrícula será de **69,03 euros/anuais** por clases de solfexo para menores de 16 anos e de **92,70 euros/anuais** para maiores de 16 anos; e de **69.03 euros/anuais** por instrumentos para menores de 16 anos e de **92,70 euros/anuais** para maiores de 16 anos que se aboarán á hora da matrícula.

Ditas tarifas serán automaticamente e anualmente revisadas en función do IPC, determinado polo Instituto Nacional de Estatística.

Os alumnos da Escola Municipal de Música que pertencen á Banda da Escola. Estarán exentos do pago do prezo da tarifa por instrumento.

**Sexto.** - Aprobar con carácter provisional o prezo público por prestación do servizo de Axuda no Fogar, así como a Ordenanza Fiscal reguladora do mesmo, quedando redactada do seguinte xeito:

#### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

##### **Artigo 1º. Fundamento e natureza**

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

##### **Artigo 2º. Concepto**

O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do servizo municipal de axuda no fogar.

##### **Artigo 3º. Obrigados ao pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento os usuarios do servizo municipal de axuda no fogar na contía que resulte de aplicación segundo o presente prezo público, tendo en conta que o pagamento é unha contribución ao custo do servizo recibido e aos ingresos do usuario; a concesión do servizo prodúcese en aplicación do baremo de acceso, que ten en conta os criterios técnicos ademais dos económicos.

##### **Artigo 4º. Contía**

A contía do servizo estará determinada por:

- a) Con carácter xeral polo prezo por hora do servizo prestado que ascende a 8,00 euros/hora.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- b) Ingresos “per capita” mensuais de cada membro da unidade familiar, entendendo como tal o conxunto de persoas que conviven co/coa usuario/a do servizo, incluído este/a. Se a unidade familiar está integrada por unha soa persoa, o ingreso “per capita” mensual calcularase dividindo os ingresos totais entre 1,5.

En función destas circunstancias, o prezo do punto a) anterior aplicarase de acordo cos seguintes cadros:

- Unidade familiar de un so membro:

| INGRESOS TOTAIS                | ACHEGA USUARIO |
|--------------------------------|----------------|
| Inferiores ao 55% do SMI       | Exento         |
| Dende o 56% ata o 100% SMI     | 25% do custo   |
| Dende o 101% ata o 125% do SMI | 50% do custo   |
| Dende o 126% ata o 150% do SMI | 75% do custo   |
| Superior ao 150% do SMI        | 100% do custo  |

- Unidade familiar de dous membros

| RENDA PER CÁPITA               | ACHEGA USUARIO |
|--------------------------------|----------------|
| Inferiores ao 50% do SMI       | Exento         |
| Dende o 51% ata o 75% do SMI   | 25% do custo   |
| Dende o 76% ata o 100% do SMI  | 50% do custo   |
| Dende o 101% ata o 125% do SMI | 75% do custo   |
| Superior ao 125% do SMI        | 100% do custo  |

- Unidade familiar de máis de dous membros

| RENDA PER CÁPITA              | ACHEGA USUARIO |
|-------------------------------|----------------|
| Inferiores ao 50% do SMI      | Exento         |
| Dende o 51% ata o 65% SMI     | 25% do custo   |
| Dende o 66% ata o 90% do SMI  | 50% do custo   |
| Dende o 91% ata o 115% do SMI | 75% do custo   |
| Superior ao 115% do SMI       | 100% do custo  |

### Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se inicia a prestación do servizo.
2. As liquidacións practícanse mensualmente nos primeiros quince días de cada mes.
3. O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente que o solicitante do Servizo de Axuda no Fogar deberá indicar no modelo oficial de solicitude.

### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Sétimo.-** Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de praia, casetas municipais, gardarroupa, duchas e outras instalacións de natureza análoga, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PRAIA, CASSETAS MUNICIPAIS, GARDARROUPA, DUCHAS E OUTRAS INSTALACIÓNS DE NATUREZA ANÁLOGA

#### Artigo 3.- Contía

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na tarifa contida no apartado seguinte, para cada un dos distintos servizos ou actividades.
2. A tarifa desta taxa será a seguinte:

Epígrafe 1º.- Casetas de baño: 24,76 euros/mes

Epígrafe 2º.- Duchas, gardarroupas e servizos sanitarios: 0,31 euros

Epígrafe 3º.- Ocupación das mesas de cemento de titularidade municipal nas proximidades da praia e durante os meses de temporada de verán: 3,10 euros/día.

**Oitavo.-** Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal da praza de abastos e mercado público, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DA PRAZA DE ABASTOS E MERCADO PÚBLICO

#### Artigo 3.- Contía

1. A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza será fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, para cada un dos servizos ou actividades.
2. As tarifas desta Taxa serán as seguintes:

#### Tarifa 1ª:

- |                            |                                       |
|----------------------------|---------------------------------------|
| - Postos 1, 2, 3 e 8 ..... | <b>12,38 euros/m<sup>2</sup>.-mes</b> |
| - Postos 4 e 5 .....       | <b>9,29 euros/m<sup>2</sup>.- mes</b> |
| - Postos 6 e 7 .....       | <b>7,74 euros/m<sup>2</sup>.- mes</b> |

#### Tarifa 2ª: Mercado público.

- Metro lineal (con fondo de posto de 3 m.) ..... **0,62 euros.**
- Para a venda de froitos do país polos labregos farase unha bonificación do prezo nun 50 por 100

**Noveno.-** Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción dos artigos das Ordenanzas Fiscais afectadas, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partires do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

De conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, se non se producen reclamacións contra este acordo, automaticamente considerárase definitivo e procederáse á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto co texto da modificación, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Imos xustificar a nosa postura en que en materia presupostaria non se ha chegado a ningún acordo co noso grupo, non se nos deixou participar nos presupostos. Así mesmo criticamos a mala xestión das taxas que se fai no Concello, como por exemplo a de ocupación da vía pública. Como hai ordenanzas que non se están a aplicar correctamente non imos apoiar a súa modificación. Ademais, antes que subir as taxas, consideramos necesario que polo Concello se leve a efecto un plan de aforro.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZÁLEZ BASANTA: A proposta do BNG é conxelar as taxas municipais porque estamos ante circunstancias sociais que o xustifican. Non se pode estar a subvencionar os bancos e logo subirlle os impostos aos cidadáns. Temos que reclamar mellor financiamento ao estado, teño que reducir o noso gasto corrente organizando mellor os servizos municipais.

Sometido a votación o ditame **obtéñ cinco votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Ana A. Incera Ares, Dona Rosa Alonso Rodríguez e D. Pedro M. Fernández Marful) e sete votos en contra (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero), quedando o ditame rexeitado.**

### **6) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MODIFICACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO DE FOZ.-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o escrito remitido polo voceiro do grupo municipal popular relativo á designación de membros titulares e suplentes das comisións informativas do Concello de Foz unha vez que tomou posesión do seu cargo o señor concelleiro Pedro José Fernández Manín.

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propono ao Pleno Municipal:**

**PRIMEIRO.** – Aprobar a nova composición das comisións informativas que quedan do seguinte xeito:





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO**

Pte:

D. José María García Rivera, Alcalde Presidente.

Membros Titulares:

D. Pedro M. Fernández Marful

Dona Ana Aranzazu Incera Ares

D. Xan Carlos González Basanta

D. Balbino Fernández López

D. Ángel Cao Pérez

D. José Luís Sánchez García

Membros Suplentes:

D. Ramón Sixto Legaspi

D. Jaime Cancio Rodríguez

D. Pedro José Fernández Manín

Dona. María Lidia Rodríguez Moreda

Dona María Josefa Alonso Otero

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO**

Pte:

D. José María García Rivera, Alcalde Presidente.

Membros Titulares:

D. Ramón Sixto Legaspi

D. Jaime Cancio Rodríguez

D. Ángel Cao Pérez

D. José Luís Sánchez García

D. Xan Carlos González Basanta

D. Balbino Fernández López

Membros Suplentes:

Dona Rosa Alonso Rodríguez

D. Pedro M. Fernández Marful

D. Pedro José Fernández Manín

Dona. María Lidia Rodríguez Moreda

Dona María Josefa Alonso Otero



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### **COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS [Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a Economía e Facenda da Entidade].**

Pte:

D. José María García Rivera, Alcalde Presidente.

Membros Titulares:

D. Jaime Cancio Rodríguez

Dona Rosa Alonso Rodríguez

D. Ángel Cao Pérez

Dona. María Lidia Rodríguez Moreda

D. Xan Carlos González Basanta

D. Balbino Fernández López

Membros Suplentes:

Dona Ana Aranzazu Incera Ares

D. Pedro M. Fernández Marful

D. José Luís Sánchez García

D. Pedro José Fernández Manín

Dona María Josefa Alonso Otero

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS E SERVIZOS**

Pte:

D. José María García Rivera, Alcalde Presidente.

Membros Titulares:

D. Pedro Fernández Marful

D. Xaime Cancio Rodríguez

D. Ángel Cao Pérez

D. Pedro José Fernández Manín

Dona María Josefa Alonso Otero

D. Balbino Fernández López

Membros Suplentes:

Dona Rosa Alonso Rodríguez

Dona Ana Aranzazu Incera Ares

Dona Lidia Rodríguez Moreda

D. José Luís Sánchez García

D. Xan Carlos González Basanta



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE

Pte:

D. José María García Rivera, Alcalde Presidente.

Membros Titulares:

Dona Rosa Alonso Rodríguez

D. Xaime Cancio Rodríguez

D. Ángel Cao Pérez

D. José Luís Sánchez García

D. Xan Carlos González Basanta

Dona María Josefa Alonso Otero

Membros Suplentes:

D. Pedro Fernández Marful

Dona Ana Aranzazu Incera Ares

Dona Lidia Rodríguez Moreda

D. Pedro José Fernández Manín

D. Balbino Fernández López

### COMISIÓN INFORMATIVA DE DESEÑO E PROMOCIÓN SOCIAL

Pte:

D. José María García Rivera, Alcalde Presidente.

Membros Titulares:

Dona Ana Aranzazu Incera Ares

D. Xaime Cancio Rodríguez

D. Ángel Cao Pérez

Dona Lidia Rodríguez Moreda

D. Xan Carlos González Basanta

Dona María Josefa Alonso Otero

Membros Suplentes:

D. Pedro Fernández Marful

Dona Rosa Alonso Rodríguez

D. Pedro José Fernández Manín



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

D. José Luís Sánchez García

D. Balbino Fernández López

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE SANIDADE, SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE**

Pte:

D. José María García Rivera, Alcalde Presidente.

Membros Titulares:

Dona Ana Aranzazu Incera Ares

D. Xaime Cancio Rodríguez

D. Ángel Cao Pérez

D. Pedro José Fernández Manín

Dona María Josefa Alonso Otero

D. Balbino Fernández López

Membros Suplentes:

D. Pedro Fernández Marful

Dona Rosa Alonso Rodríguez

Dona Lidia Rodríguez Moreda

D. José Luís Sánchez García

D. Xan Carlos González Basanta

### **COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE SEGUIMIENTO DO PXOM**

Pte:

D. José María García Rivera, Alcalde Presidente.

Membros Titulares:

D. Xaime Cancio Rodríguez

D. Pedro Fernández Marful

D. Ángel Cao Pérez

D. José Luís Sánchez García

D. Balbino Fernández López

D. Xan Carlos González Basanta

Membros Suplentes:

D. Ramón Sixto Legaspi

Dona Rosa Alonso Rodríguez

Dona María Josefa Alonso Otero



Sometido a votación o ditame **é aprobado por unanimidade.**

**7) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á ADOPCIÓN DE ACORDOS NO MARCO DO EXPEDIENTE "SANEAMENTO EN SAN ACISCLO 2ª FASE, FOZ (LUGO, (OH 327.517).-**

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o escrito remitido por Augas de Galicia con data rexistro de entrada 9/10/2008 (2008/5534) relativo ao expediente "SANEAMENTO EN SAN ACISCLO. 2ª FASE. FOZ(LUGO)" (OH 327.517).

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propono ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:**

**PRIMEIRO.** –Aprobar o Proxecto "SANEAMENTO EN SAN ACISCLO. 2ª FASE. FOZ(LUGO)" (OH 327.517).

**SEGUNDO.** – Solicitar ó Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100 % do custo das obras.

**TERCEIRO.-** Comprometerse á entrega dos terreos (unha vez realizados os trámites legais necesarios) e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

**CUARTO.-** Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras (previo cumprimento dos requisitos legais).

**QUINTO.-** Que se expoña ao público o proxecto durante 20 días hábiles.

**SEXTO.-** Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

**SÉTIMO.-** Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan e a súa explotación e amortización.



**OITAVO.-** Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para solicita-lo financiamento.

Sometido a votación o ditame é **aprobado por unanimidade.**

**8) APROBACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA RELATIVO Á MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DE FOZ OH 227 503.-**

Ao comezo do presente punto incorpórase o señor Concelleiro Ramón Sixto Legaspi.

Sométese a consideración a seguinte proposta da Alcaldía informada favorablemente pola comisión informativa:

Visto o escrito remitido polo organismo Augas de Galicia en orde a realización de traballos para a mellora da rede de abastecemento de Foz en orde a tramitación de expediente administrativo o abeiro do Decreto 84/1999 sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

Tendo en conta estes antecedentes e vistas as atribución concedidas pola lexislación de réxime local, **propoño ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.** – A aprobación do proxecto obrante no expediente administrativo.

**SEGUNDO.** –Solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do noventa per cen do custo da obra.

**TERCEIRO.-** Comprometerse a entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para e realización destas.

**CUARTO.-** Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canón ou imposto de carácter local con motivo das obras.

**QUINTO.-** Que se expoña ó público o proxecto durante vinte días hábiles.

**SEXTO.-** Compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das obras



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

**SÉTIMO.-** Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización de conformidade coa formula prevista por Augas de Galicia.

**OITAVO.-** Compromiso de ingresar o trinta por cen da anualidade, calculada de conformidade coa metodoloxía sinalada na caixa de Augas de Galicia ó longo dun período de vinte anos e que se destinará á reposición de infraestructuras hidráulicas ou á construción doutras novas.

**NOVENO.-** Compromiso de achegar a cantidade total de 217.801,48 € correspondente á parte do presuposto das obras que financiará o Concello, coas seguintes anualidades:

Ano 2008: 108.900,74 €

Ano 2009: 108.900,74 €

**DÉCIMO.-** Facultar ao señor Alcalde-Presidente para solicitar o financiamento do noventa por cen do orzamento das obras.

Sometido a votación o ditame é **aprobado por dez votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Ana A. Incera Ares, Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi, D. Ángel Cao Pérez, Dona María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García e D. Pedro José Fernández Manín) e tres abstencións (D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.)**

### **9) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA AO ARRANXE DO CAMIÑO DE LINARES.-**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular informada favorablemente pola comisión informativa:

- Que polo Pleno Municipal se tome o acordo para que se arranxe o trozo que falta do camiño de Linares (350 m. lineais aproximadamente) como está o resto do mesmo (limpeza do firme, cunetas e rego asfáltico) na parroquia de Cangas, así como o rozado do resto deste que non se fixo no presente ano.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### **10) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Á REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE DESBROCE DENDE O BARRIO DE VILASINDRE Á AREOURA EN CANGAS.-**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular informada favorablemente pola comisión informativa:

- Que o Pleno do Concello tome o acordo para que se roce cós tractores e persoal do Concello o camiño que vai dende o barrio de Vilasindre á Areoura en Cangas, e logo se arranxe para circular polo mesmo, dado que faría un bo servizo ó citado barrio para achegarse a Burela ademáis do servizo ós montes da zona.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### **11) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR RELATIVA Á REALIZACIÓN DE OBRAS DE ARREGLO DE PISTAS DENDE OS GARAXES DE DAMIÁN ATA PEREIRAS E DENDE CASA PIÑEIROA ATA A FERVENZA.-**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular informada favorablemente pola comisión informativa:

- Se atendan todas estas necesidades, á maior brevidade posible, para evitar males maiores, ensanchando a calzada e levando a cabo unha limpeza a conciencia dos arcéns e das cunetas e aplicando o pertinente rego asfáltico.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### **12) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á REALIZACIÓN DE OBRAS NAS CUNETAS DA PISTA QUE VAI DE LAMALLADA (NOIS) A ESTRADA DA EXMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, NOIS-MOUCIDE.-**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular informada





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

favorablemente pola comisión informativa:

- Que se rocen ás súas veiras, se arranxe o firme, se dote de cunetas e igual as dúas que salindo dela se derixen o barrio de Outeiro (Nois) chegando nunha sola frente o O Tropezón, dotándoas de asfalto os trozos que non o teñen.
- Se proceda co tractor e persoal do Concello ao rozado do camiño público que une os barrios de Lamallada (Nois) co de Ribela na parroquia de Cangas.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### **MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á ACLARACIÓN DE DUBIDAS VECINAIS EN RELACIÓN COA ESTRADA LU-152, FERREIRA-FOZ.-**

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal popular:

- Que o Pleno tome o acordo para que o señor Alcalde en nome do Concello de Foz faga as xestións pertinentes ante o Organismo correspondente para que éste e os técnicos da empresa constructora informen e expliquen a todos os veciños das parroquias de San Acisclo, Santa Cilla, San Martiño e Vilaronte todas estas preguntas e sempre antes da terminación da obra.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### **MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A SOLICITAR DA COTOP UNHA AREA RECREATIVA NA ESTRADA FERREIRA-FOZ.-**

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG:

- Que o Concello de Foz solicite da Consellaría de Política Territorial a construción dunha área recreativa na estrada Ferreira-Foz, cerca do alto do Carme, en Vilaronte (entre o p.k. 2,5 e 2,3) no terreo entre a nova estrada e a estrada vella que quedou.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### **MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A COMPRA DAS ANTIGAS FÁBRICAS DE SALAZÓN DE NOIS.-**

A urxencia da moción é aprobada por **sete votos a favor (D. Ángel Cao Pérez, Dona.**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García, D. Pedro José Fernández Manín D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero.) e seis en contra (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez Dona Rosa Alonso Rodríguez, D. Ramón Sixto Legaspi e D. Pedro M. Fernández Marful).**

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG:

- Solicitar informe á Consellería de Política Territorial sobre os usos posibles das instalacións e de resultar posible a actuación urbanística sobre as mesmas que solicite a súa inclusión dentro do Grupo de Acción Costeira Mariña-Ortegal
- Que o Concello de Foz negocie cos propietarios das antigas fábricas de salazón situadas no porto de Nois a súa compra, coa intención de conservarlas e darlles nun futuro unha finalidade cultural e turística como un posible Centro de Interpretación de actividades relacionadas co mar.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### **MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A SOLICITAR A INTEGRACIÓN NA REDE GALEGA DE GALESCOLAS.-**

A urxencia da moción é aprobada por unanimidade.

Sométese a consideración a seguinte moción do grupo municipal do BNG:

- Que o Concello de Foz solicite Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar a integración na Rede Galega de Galescolas para iniciar canto antes a dotación de recursos humanos e materiais da Galescola de Foz.

Sometido a votación a moción **é aprobada por unanimidade.**

### **ROGOS E PREGUNTAS.-**

- ROGOS

Grupo Municipal do BNG

1-Limpeza en fonte de Nogueirido e que se arranxe o curso de auga

2-Que se reparen varios sumidoiros na vila que xeran baches.(enfrente do CEMAR, na estrada de LLas a Peizás)

3-Que durante o inverno tamén se proceda á limpeza dos areas

4-Que se proceda á reparación dos danos no muro do paseo



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- PREGUNTAS

### Grupo Municipal Popular

1-¿en que situación atopa unha moción tratada aquí relativa á construción dun muro en Cangas que deixamos pendente da realización dun informe técnico?

O SEÑOR ALCALDE: Mirarémolo e comentaremosllo/llelo

2-Que se proceda ao arranxo dunha pista que vai dende a casa de Amador Botana pasando pola fonte de Xinzo ata o vial Ferreira-Foz

3 ¿Emendáronse os problemas de limpeza no campo de Malates?

O SEÑOR ALCALDE: Xa hai unha persoa que limpa

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión sendo as 20:10 horas do expresado día, extendéndose de todo elo a presente acta do que eu o Secretario dou fe.-

O Alcalde-Presidente

O Secretario

Asdo. José María García Rivera

Asdo. Diego Ballina Díaz